



GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CONXUNTO I-II										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión				ITINERARIO				---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.			2'5	2'5					Observacións:	
									1'5h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Interpretación musical en grupo con diferentes formacións, repertorios e instrumentos, incluído o instrumento principal. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Posta en común de criterios interpretativos. Fundamentos de dirección en pequenas agrupacións. Desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Técnica instrumental necesaria.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada coa Música de Cámara
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1,T7,T9,T10
COMPETENCIAS XERAIS:	X2,X3,X4,X6,X7,X8,X13,X 17, X21, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Comprender os conceptos básicos do traballo co conxunto instrumental e polos en práctica.	Todas
Estudar e practicar a técnica dos instrumentos de percusión Orff (determinados e indeterminados). Coñecer as súas características e as súas posibilidades sonoras para utilízalas na interpretación individual e colectiva.	Todas
Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos adecuado as dificultades do nivel.	Todas
Estudar e practicar a técnica de dirección.	Todas
Crear no alumno o hábito de escoitar e dirixir simultaneamente.	Todas
Traballar a expresividade a través da fisionomía do xesto.	Todas
Compor arranxos e pequenas pezas para o conxunto instrumental dunha clase de Linguaxe Musical.	Todas
Crear no alumno o hábito de cantar e tocar simultaneamente.	Todas
Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e de memoria nestes instrumentos.	Todas
Aplicar unha sensibilidade auditiva que valore a exigencia da calidade sonora.	Todas

**4. CONTIDOS**

Interpretación de obras para as formacións do grupo específico de alumnos tendo en conta os seus instrumentos principais.

Interpretación de pezas do repertorio didáctico propio de educación vocal, linguaxe musical, instrumental Orff, música tradicional ou de transmisión oral.

Composición de pezas didácticas para a súa interpretación posterior.

Traballo de conxunto: dúos, tríos,...

Dirección de pequenas pezas.

Transcrición de pezas e cancións do transmisión oral para a súa interpretación posterior.

Improvisación en grupo sobre melodías populares ou tradicionais.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teórico-prácticas: sonoridade de conxunto, equilibrio de planos, función de cada instrumento.	Presencial	Permanente
Estudio individual	Non presencial	Permanente
Práctica de conxunto: interpretación e improvisación.	Presencial	Permanente
Composición e transcrición de pezas.	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica de dirección	Presencial	Durante o cuadrimestre
Tutorías: individuais e colectivas	Presencial	Permanente
Actividades de avaliación	Presencial	O final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*